


BIBLIOTECA DA FACULTADE DE CIENCIAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

MEMORIA 2021.



Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1. Introducción	3
2. A Biblioteca e a evolución da pandemia	3
3. Investimentos	9
4. Persoal.....	9
5. Coleccións	11
5.1. Publicacións periódicas	11
5.2. Monografías.....	12
5.3. Recursos electrónicos.....	16
5.3.1. Revistas electrónicas	16
5.3.2. Bases de datos	17
5.3.3. Libros electrónicos.....	18
5.4. Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Mestrado (TFM)	19
6. Servizos	28
6.1. Acceso	28
6.2. Préstamo	28
6.3. Préstamo interbibliotecario	29
6.4. Formación	30
6.5. Servizo aos investigadores	33
7. Difusión	37
7.1. Redes sociais.....	37
7.2. Web da Biblioteca da Facultade	38
8. Anexo: A Biblioteca de CIE en cifras	39

1. INTRODUCCIÓN

Novamente esta biblioteca deixará constancia do traballo realizado no ano 2021, así como das actuacións e dos resultados da súa actividade.

Este ano iniciouse co COVID e con protocolos aínda estritos, pero ao longo do ano, as medidas foron evolucionando ata chegar a apertura de todos os servizos como na época previa a pandemia, como veremos no apartado adicado a este tema na memoria. Iso sí, con todas as medidas de seguridade activadas.

A totalidade das actuacións desta biblioteca encamíñanse a cumprir a misión de apoio a docencia, a investigación e a aprendizaxe, xestionando os recursos de información, facilitando o acceso aos mesmos e promovendo a súa difusión, así como a apoiar as titulacións que se imparten nesta facultade, tanto graos coma mestrados.

Deste xeito, a Biblioteca convértese en colaboradora da creación de coñecemento.

2. A BIBLIOTECA E A EVOLUCIÓN DA PANDEMIA

- O ano comezou coas medidas tomadas ao inicio do curso académico 2020/2021, nas que se retomaba o horario habitual, coa limitación de acceso aos estantes exclusivamente para o persoal da biblioteca, e a necesidade de reservar os libros a través do catálogo. As medidas:
 - Horario: de 8:30 a 21:30
 - Xa non será necesario solicitar cita previa para vir estudar á biblioteca, nin para levar libros en préstamo, nin para devolvelos.
 - Incrementábase o número de postos de lectura, agora pasan a ser 36.
 - Implementábase un sistema de identificación mediante códigos QR para o uso dos postos de lectura, o mesmo que se utiliza nas aulas da nosa facultade, moi sinxelo e concibido para facilitar o rastrexo. Consta dos seguintes pasos: escaneo do código co teléfono, enchido do breve formulario que abrirá, e envío.



TEU

Só ti usarás **este** posto de lectura durante esta mañá/tarde. Coidao. Desfrútao. Non o (inter)cambies.

STOP

O acceso aos estantes está **limitado** ao persoal. Se necesitas algún libro, pídeo no mostrador.

UP!

Ao marchar, deixa a cadeira **enriba** da mesa. Isto facilitará moito o traballo do persoal de limpeza.

GRAZAS!



Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- A Resolución reitoral do 27 de xaneiro supuxo un retroceso, debido a situación sanitaria. Excepcionalmente, ata a finalización dos exames (5 de febreiro), a sala de lectura estivo aberta cun aforo do 30%.

Os servizo de préstamo retomou o sistema de cita previa e o resto de servizos ofrecéronse por teléfono, correo electrónico ou Teams.

**Biblioteca da Facultade de Ciencias da UDC**
Publicado por Pablo Santos Guliás · 27 de enero de 2021 ·

Resolución reitoral do 27 de xaneiro para adaptar as actividades da UDC ás normativas adoptadas pola Xunta de Galicia o pasado luns como consecuencia da evolución da situación derivada da pandemia causada pola COVID-19: <https://bit.ly/2M1nHdy>

Terceiro.- Bibliotecas e aulas de estudo

O servizo das bibliotecas dos centros permanecerá pechado agás para o persoal da UDC quen poderá utilizalo mediante o sistema de cita previa.

As salas de estudo da UDC permanecerán abertas durante o período de exames coa limitación do trinta por cento da súa capacidade e un máximo de 30 persoas. Para paliar a redución na dispoñibilidade de espazos das aulas de estudos, habilitanse até o 5 de febreiro as salas de lectura das bibliotecas dos centros como salas de estudo baixo as mesmas limitacións de aforo e co seu horario habitual (días laborais).

- Entre os días 8 e 17 de febreiro, una vez rematados os exames, a sala de lectura permaneceu pechada.

**Biblioteca da Facultade de Ciencias da UDC**
Publicado por Pablo Santos Guliás · 5 de febrero de 2021 ·

Entre o 8 e o 17 de febreiro, a sala de lectura da biblioteca permanecerá pechada.

Pódense consultar os servizos que prestaremos eses días na seguinte ligazón: <https://bit.ly/2LtPAKY>

Préstamo

É necesario reservar previamente no catálogo aqueles títulos, tanto dispoñíbles como prestados, que se queren levar en préstamo. Na seguinte [ligazón](#) podedes ver un vídeo sobre o procedemento para a reserva dos documentos.

Consulta en sala

Do 8 ao 17 de febreiro as salas de lectura das bibliotecas dos centros permanecerán pechadas. No entanto e neste período, o persoal da UDC poderá consultar aqueles materiais que pola súa natureza non se prestan. Concertara cita previa coa súa [biblioteca](#) por teléfono ou correo electrónico.

Préstamo interbibliotecario

O servizo de préstamo interbibliotecario préstase da maneira habitual, tanto para documentos en papel como electrónicos.


Información e consulta

A biblioteca segue atendendo as consultas formuladas polos usuarios a través dos formularios que se poden atopar tamén na sección [Prestacións](#) en liña da páxina web:

- **Contacto coa biblioteca:** para consultas, dúbidas, queixas ou suxestións sobre o servizo ou sobre algunha das bibliotecas.
- **Solicitud de adquisicións:** para solicitar a compra dunha obra que consideredes necesaria na colección da vosa biblioteca.
- **Petición dunha procura bibliográfica:** desde este formulario podedes solicitar axuda na busca de información para os vosos traballos de aula, o TFG/TFM ou os traballos de investigación.

Tamén podedes contactar con nós por correo electrónico, por teléfono ou a través das nosas redes sociais.

- A partir do 17 de febreiro, as salas de lectura das bibliotecas da UDC retomaron a súa apertura coas medidas de prevención existentes antes do 28 de xaneiro, cun aforo do 30%.



- Non é ata o 19 de abril cando hai una importante novidade no servizo de préstamo, xa que se recupera o libre acceso aos libros dispostos nos andéis da sala de lectura, cun límite de 18 persoas neste espazo. E desaparece a corentena para os libros, que se devolverán no mostrador.





Biblioteca → Ciencias → UDC @BiblioCiencias · 19 abr. 2021

...

3) As tres medidas de protección básica, que continúan vixentes, é MOITO MÁIS QUE MOI importante telas especialmente presentes ao moverse entre os libros.



1 1 1 1 1 1



Biblioteca → Ciencias → UDC @BiblioCiencias · 19 abr. 2021

...

4) Os libros volven devolverse no mostrador e xa non deberán pasarán corentena. No more Scrabble here.



1 1 1 1 1 1



- O 27 de outubro, finalmente, recuperamos o 100% do aforo, pero mantendo a prudencia e respectando as medidas básicas de protección que seguen vixentes.

3. INVESTIMENTOS

Este ano o investimento en fondos bibliográficos recuperou o do ano anterior a pandemia (2019), exactamente **10.701,70 €**.

Non obstante, esta cantidade incrementouse minimamente coa incorporación de remanente do ano 2020 (489,46 €), quedando definitivamente un orzamento de **11.191,16 €**.

Para rematar, indicar que o orzamento de material de oficina foi de 1.693,32 €.

O orzamento da Biblioteca para 2021:

ORZAMENTOS	DEFINITIVO 2021	REMANENTE 2020	TOTAL
Fondos bibliográficos	10.701,70 €	489,46 €	11.191,16 €
Material oficina			1.693,32 €

A repartición do orzamento fíxose, como en anos anteriores, entre as áreas de coñecemento e mestrados da Facultade, ademais da porcentaxe xestionada pola Comisión de Biblioteca (10%). Dentro de cada área repartiuse por materia/nº de alumnos (45%) e por profesorado (45%).

4. PERSOAL

Na Biblioteca traballan 5 persoas: a directora, 2 bibliotecarias/os e 2 auxiliares; 3 persoas en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde.

Cursos realizados polo persoal da Biblioteca no 2021:

- *Lingua inglesa. Nivel básico 2* (nivel 3). EGAP (en liña, 50h): 1 asistente
- *Lingua inglesa. Nivel básico 2* (nivel 4). EGAP (en liña, 50h): 1 asistente
- *Portugués B2*. EGAP (en liña, 80h): 1 asistente
- *Técnicas elementais de arquivos*. EGAP (en liña, 200 h): 1 asistente
- *GIMP. Tratamento de imaxes*. CIXUG (en liña, 20h): 1 asistente

- *Creación de infografías e diseños vectoriais*. CIXUG (en liña, 24h): 1 asistente.
- *LibGuides*. CIXUG (en liña, 1h): 1 asistente
- *Accesibilidad de documentos digitales*. Unidade de atención a diversidade (en liña, 2h): 2 asistentes
- *Curso práctico de ciberseguridade e protección e datos*. IOT PARTNERS Digital Solutions (en liña, 25 h): 3 asistentes
- *Catalogación con RDA y MARC 21*. SEDIC (en liña, 30h): 4 asistentes
- *Data Stewardship e xestión de datos de investigación*. SEDIC (en liña, 45h): 2 asistentes
- *Curso de primeros auxilios*. Quirón (en liña, 4h): 1 asistente
- *Acceso abierto y MDPI*. MDPI (en liña, 1h): 1 asistente
- *Formación en SciFinder-n*. CAS (en liña, 1 h): 5 asistentes
- *Seminario web para ayudarle a aumentar sus posibilidades de ser publicado en una revista académica*. Wiley (en liña, 1h): 1 asistente.
- *Paleontology: ancient marine reptiles*. MOOC, Univ. Alberta (en liña, 9h): 1 asistente
- *Organizando reunións con Teams*. UDC (en liña, 3h): 1 asistente
- *Descubre el nuevo Journal Citation Reports 2021*. WOS (en liña, 1,5 h): 1 asistente
- *[Web of Science] Sesión 1: Las novedades*. FECYT/Anne Delgado (en liña, 1 h): 2 asistentes
- *[Web of Science] Sesión 2: Mis consejos para optimizar vuestro uso de las herramientas*. FECYT/Anne Delgado (en liña, 1 h): 2 asistentes
- *[Web of Science] Sesión 3: Casos prácticos presentados por usuarios avanzados*. FECYT/Anne Delgado (en liña, 1 h): 1 asistente

5. COLECCIÓN

5.1. PUBLICACIÓN PERIÓDICAS

Listaxe de revistas subscritas centralizadamente de CIE (UDC):

TÍTULO	ISSN	FORMATO
Algological Studies	1864-1318	Papel + Online
Annals Of The Missouri Botanical Garden	0026-6493	Papel + Online
Biological Bulletin	1939-8697	Online
Botany	1916-2804	Online
Bulletin Of Marine Science	1553-6955	Online
Cahiers De Biologie Marine	2262-3094	Online
Canadian Journal Of Fisheries And Aquatic Sciences	1205-7533	Online
Canadian Journal Of Zoology	1480-3283	Online
Genome	1480-3321	Online
International Journal Of Plant Sciences	1537-5315	Online
Investigación y Ciencia	0210-136X	Online
Journal Of Shellfish Research	0730-8000	Papel
Marine Ecology Progress Series	1616-1599	Online
Molecular And Cellular Biology	1098-5549	Online
Physics Today	1945-0699	Online
Plant Physiology	1532-2548	Online
Synlett	1437-2096	Online
Systematic Botany	1548-2324	Online
Water Science & Technology	0273-1223	Papel + Online

Este ano incorporáronse as seguintes revistas:

Nature Reviews Materials	2058-8437	Online
Nature Nanotechnology	1748-3395	Online

As revistas electrónicas seguen contando cun control de accesos que permite medir o seu uso, información decisiva para futuras tomas de decisións.

A esta listaxe hai que engadirlle a revista non centralizada e subscrita pola Biblioteca:

TÍTULO	ISSN
Quercus	0212-0054

Dende a web da Biblioteca da UDC tamén se pode acceder tanto á listaxe de todas as [revistas electrónicas accesibles para a UDC](#), como aos portais dos editores. Tamén aos [portais de revistas en acceso aberto](#) e a [novos tipos de revistas en acceso aberto](#).

Datos de revistas en papel:

Total de títulos a 31/12/2021: 426, dos cales:

- En curso de recepción (vivas): 21 (3 por compra e 18 por intercambio ou donativo)
- Coleccións pechadas: 405

A Biblioteca segue colaborando con Dialnet, baleirando as seguintes revistas: [Cerna](#) e [Ambientalmente Sustentable](#).

5.2. MONOGRAFÍAS

No ano 2021 ingresaron na Biblioteca 201 monografías en papel, 25 delas procedentes de donativos ou intercambios. O total de fondos bibliográficos en papel o 31 de decembro de 2021 era de 33.163.

Dentro da colección, nas incorporacións de material bibliográfico no 2021, observamos que, aínda que a maior porcentaxe seguen a ser as adquisicións da sección de **docencia (54,66 %)**, a continuación están as adquisicións de **bibliografía recomendada (34,88 %)**, e finalmente están as adquisicións dedicadas á **investigación (10,46 %)**. En relación ao ano anterior constatase o incremento das adquisicións da colección de docencia en detrimento das de investigación e bibliografía recomendada.



No referente á sección de **bibliografía recomendada**, os datos que temos a finais de 2021 son moi significativos e indican que esta sección da colección está ben cuberta. Así, un 98 % dos títulos recomendados das diversas materias podemos atopalos na Biblioteca.

Do total de 2.602 títulos recomendados nas materias do programa formativo da Facultade, 2.550 están a disposición do alumnado na Biblioteca. En total suman 6.605 os exemplares dispoñibles de bibliografía que recomendan os profesores para as diferentes materias que completan o programa formativo de graos e mestrados (5.833 en papel e 772 en formato electrónico).

Por outra banda, analizamos os exemplares (non títulos) dos fondos bibliográficos incorporados en 2021 á Biblioteca por compra, e os agrupamos por materias. Observamos que o maior nº de exemplares ingresados corresponden a divulgación e a zooloxía.



Entre as **actuacións** levadas a cabo pola Biblioteca relacionadas coas **coleción** están o expurgo e o inventario anual.

Relacionado co **expurgo**, no 2021 fíxose una interesante donación á FUNDACIÓN BISILA BOKOKO. AFRICAN LITERACY PROJECT (Guinea Ecuatorial), coordinada pola Facultade de Humanidades de Ferrol. Dende esta biblioteca enviáronse 154 libros (21 caixas). Todos os libros enviados eran libros ubicados no depósito que foran relegados das estanterías da sala de lectura. A maioría eran manuais de edicións antigas, dos que sempre deixamos 1 exemplar no noso depósito.

Con esta doazón de libros que hai tempo que non recibían ningunha consulta por haber edicións máis recentes, liberamos un espazo importante no depósito e, por outra banda, os enviamos a unha fundación en Guinea Ecuatorial que, seguramente, lles quitarán máis proveito. A título informativo, a UDC enviou un total de 10.000 libros á Fundación Bisila Bokoko en Guinea Ecuatorial, cun peso de máis de 1.500 kg.

Este ano, a biblioteca retomou outra actividade relacionada co **expurgo**, que ten como finalidade dar saída a monografías ou números soltos de revistas non pertinentes e que chegaron por donativo; libros dos que xa temos máis exemplares e consideramos innecesaria a súa duplicidade ou donativos de profesores que non se consideran pertinentes incluílos na colección.

Esta actividade “Elixe un libro e lévalo” fixémosla coincidir co Día do Libro, o 23 de abril. Ofertamos a todos os usuarios da Facultade estes exemplares dos que estamos a falar, e puxémolos nun carro na entrada da biblioteca. Ao longo do día, a maioría dos libros foron “adoptados”.





Outra actividade relacionada coas monografías é o **inventario** ou recuento anual dos libros. É una tarefa que a biblioteca fai todos os anos e permite levar un control da colección. Este ano detectáronse soamente 6 libros desaparecidos.

5.3. RECURSOS ELECTRÓNICOS

5.3.1. REVISTAS ELECTRÓNICAS

Tanto a través do Consorcio de BUGALICIA (CISUG) como de recursos propios da UDC, podemos acceder a un importante nº de publicacións periódicas, a través das subscricións a paquetes electrónicos.

CIENCIAS	ACS (American Chemical Society)
	AIP (American Institute of Physics)
	AMS (American Mathematical Society)
	Cell Press
	Nature
	RSC (Royal Society of Chemistry)
	Science Online
MULTIDISCIPLINARES	Annual Reviews
	Cambridge Journals Online
	Elsevier Science Direct
	Emerald
	JSTOR
	Oxford
	Sage
	Springer
	Taylor and Francis
	Walter de Gruyter
	Wiley

No 2021, a UDC tivo acceso a un total de 26.624 publicacións electrónicas subscritas.

5.3.2. BASES DE DATOS

Tamén temos acceso a bases de datos, tanto multidisciplinares como no ámbito temático de interese para os nosos usuarios:

BIOLOXÍA	Earth, Atmospheric & Aquatic Science (antes Asfa)
	GreenFile
	Oceanic Abstracts
QUÍMICA	Analytical Abstracts
	CSD (Cambridge Structural Database)
	Natural Product Updates

MULTIDISCIPLINARES	SciFinder-n
	Synthetic Reaction Updates
	Academic Search Complete
	AENORMás. Normas UNE
	CSIC
	EBSCO FULL TEXT Finder
	i2i
	ISSN Portal: International Standard Serial Numbers
	ProQuest Dissertations & Theses
	Scopus (Scimago Journal Rank (SJR) e CWTS Journal Indicators (SNIP, IPP)
	Statista
	TSD : The Serials Directory (con EBSCO)
	Web of Science (JCR, ESI, Book Citation Index e Highly Cited Researchers, SciELO)

Hai 3 bases de datos de Química da RSC que non se actualizaron dende remate deste ano, polo que se consideran pechadas para 2022.

En total, a UDC ten acceso a 53 bases de datos específicas e 13 multidisciplinares.

A accesibilidade ás bases de datos Web of Science e Scopus é a través dunha licenza nacional xestionada pola FECYT. Desde a web da biblioteca tamén podemos consultar Dialnet, de xeito gratuíto.

5.3.3. LIBROS ELECTRÓNICOS

No referente aos libros electrónicos, no 2021 puidemos acceder a un total de 197.920 de todas as disciplinas, tanto de recursos consorciados como de recursos propios da UDC.

O esforzo realizado para a adquisición de libros electrónicos, sobre todo de BR, que se iniciou no ano 2020 continouse neste ano 2021.

Dende o Servizo de Biblioteca continouse coa política de fomentar a compra de libros electrónicos, co obxectivo de dar accesibilidade, na medida do posíbel, á BR en liña.

- Dende o Servizo, e tamén a través do Consorcio, mercáronse moitos libros de BR das editoriais Panamericana, Wiley, Springer, Cambridge, Síntesis, Pearson, etc. Algúns deles mercáronse polo sistema EBS (adquisición de libros electrónicos das grandes editoriais baseados na consulta e descarga dos libros nos seus catálogos).
- Como en anos anteriores, no mes de novembro, e ata novembro do 2021 a plataforma Wiley Online Library, Springer e Elsevier deron acceso as súas coleccións de libros electrónicos segundo o modelo de adquisición baseada na evidencia (EBS). A compra baséase nas consultas, canto máis se consulten, máis posibilidade de adquisición.

Do total de 165 libros electrónicos mercados das diferentes editoriais no 2021 e de interese para os usuarios e usuarias desta Facultade, 112 son BR dalgunha materia que se imparte na Facultade.

Estes 165 libros electrónicos incorporados a colección son de diferentes editoriais e plataformas de libros electrónicos:

- Wiley: 41 títulos, 37 son BR
- Springer: 16 títulos, 9 son BR
- Elsevier: 21 títulos, 15 son BR
- Síntesis: 15 títulos, todos BR
- Walter de Gryter: 10 títulos, 5 son BR
- Proquest: 6 títulos, todos BR
- LeBUC: 14 títulos
- ELibro: 11 títulos, 6 son BR
- Incorporados por Acceso Aberto: 24 títulos
- Diversas editoriais: 7 títulos

5.4. TRABALLOS DE FIN DE GRAO (TFG) E TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO (TFM)

Incorporáronse ao catálogo da Biblioteca, e tamén ao repositorio institucional da UDC (RUC):

- 51 TFG de Bioloxía
- 25 TFG de Química
- 2 TFM en Acuicultura
- 2 TFM en Biodiversidade

- 2 TFM en Bioloxía mariña
- 13 TFM en Bioloxía molecular, celular e xenética
- 9 TFM en Biotecnoloxía avanzada
- 7 TFM en Investigación química e química industrial
- Total: 76 TFG y 35 TFM subidos ao RUC en 2021.

Os traballos subidos ao RUC foron os seguintes:

TRABALLOS FIN DE GRAO – BIOLOXÍA	
AUTOR	TÍTULO
Alcalde Azpiazu, Carlos	Estudio de la reproducción asexual de <i>Oxalis pes-caprae</i> y del impacto de la especie en las comunidades vegetales
Allo Calvo, Jacqueline	Aprendizaje y servicio en “Coronavirus, test de detección y vacunas”
Alvite Bergara, Nerea	Revisión bibliográfica: propiedades mecánicas y aplicabilidad de las sedas de araña
Ameijeiras Ríos, Fiorella	Contribución das mulleres españolas ao desenvolvemento da bioloxía mariña: unha revisión histórica con perspectiva de xénero
Andersson Quintana-Lacaci, Ilda	Procesos bioquímicos de las levaduras implicadas en la elaboración de cerveza
Ayala Esmoris, Francisco Javier	Cytotoxicity of degradation products of emerging microcontaminants in freshwater microalga <i>Raphidocelis subcapitata</i>
Bernárdez Bugallo, Berta Inés	Revisión bibliográfica: el lobo en Galicia: relaciones con la especie humana
Carreja Álvarez, Rocío	Niveles ex vivo de marcadores autofágicos en células mesoteliales humanas
Casal Saavedra, Nerea	Revisión bibliográfica: la sexta extinción masiva
Cobián García-Rebull, Elena Rosa	Análisis de diferentes motivos de corte para proteasas específicas de células de ovario tumorales y su uso como elemento terapéutico
Corredoira López, Claudia Esperanza	Efecto de los incendios forestales en la respiración basal del suelo

Díaz Abellás, Mauro	Análise preliminar do potencial biomédico de receptores macrocíclicos orgánicos con resposta a estímulos I
Dieye Zotes, Yacine	Study of the quality of dark chocolate (70% cocoa) present in the market
Fernández Campos, Alexia	Revisión bibliográfica: alternativas a los antibióticos ante la aparición de la multirresistencia bacteriana
Fernández Labandeira, Natalia	Análisis preliminar del potencial biomédico de receptores macrocíclicos orgánicos con respuesta a estímulos II
Fernández Piñeiro, Alberto	Revisión bibliográfica: la misteriosa visión de los cefalópodos
Ferreirós Solla, Patricia	Selección de presa por nutrias en cautividad
Ferrín Suárez, Xaime	<i>Agrobacterium tumefaciens</i> : descubrimiento, ciclo de vida, mecanismo de acción y aplicación en el ámbito de la biotecnología
Fraguío Núñez, Selena del Mar	Identidad taxonómica de los poliquetos explotados del género <i>Diopatra</i> en la Praia da Ribeira (Miño, A Coruña)
Freire García, Antía	Estudio de la toxicidad y las propiedades ópticas de sondas luminiscentes en cultivos celulares y el pez cebra
Gayá Vilar, Alberto	Efecto de la complejidad de macrófitos en la selección de hábitat por peces juveniles bajo experimentos en condiciones controladas
González Mariño, Duarte	Flora briofítica e pteridofítica dunha carballeira Galaico-Asturiana: razóns para a conservación de A Fraga Gorda (Muras-Ourol, Lugo)
Jove Filgueiras, Lía	Evaluación biológica de un conjugado sideróforo-antibiótico basado en el sideróforo amonabactina de la bacteria patógena <i>Aeromonas salmonicida</i>
Lago Grille, Jennifer	Bacterias magnetotáticas: aplicaciones biotecnológicas y nanotecnológicas
Lejo Santiago, Jorge	Citotoxicidad y retirada de microcontaminantes emergentes en la microalga marina <i>Dunaliella tertiolecta</i>
Lema Mira, Lucía	Coronavirus: una revisión bibliográfica de su ciclo viral y expresión
López Montes, Daniel	Selección de presa por nutrias en cautividad

López Villaverde, Alba	Divulgación científica en medio radiofónico: Efervesciencia
Menéndez Ramos, Miguel	Análisis del ciclo vital del hongo plasmodial <i>Physarum polycephalum</i> Schwein. (Myxomycota)
Mondelo García, Alicia	Estructuras relacionadas con el acoplamiento y la transferencia de espermatozoides en riacodrilíneos (<i>Oligochaeta</i> , <i>Naididae</i>)
Nión Cabeza, Paula	Revisión bibliográfica: biotecnología de la reproducción humana asistida
Olalla Cano, Adrián	Revisión bibliográfica: bacterias multirresistentes
Pardo Gallego, Alba	Resistencia a antibióticos: una amenaza global
Pedreira Díaz, Mario	Oxidación avanzada para la eliminación de contaminantes emergentes en agua: evaluación como agua de riego pre y post tratamiento
Penín Gestal, Eva	Elaboración del proyecto de divulgación: ¿Cómo explicar el cáncer a niños?
Pérez Espinazo, Sofía	Cambios en la abundancia de la abeja europea (<i>Apis mellifera</i>)
Pérez Pereira, Katia	Morfoloxía de follas e flores de <i>Erica L.</i> (Ericaceae) nun gradiente altitudinal e latitudinal
Regueira Amara, María Soledad	Aislamiento de genes concretos de una genoteca
Rey Souto, Cora	Análisis y caracterización de la unión de la proteína humana HMGB1 a distintos lncRNAs asociados a cáncer de ovario
Ríos Varela, Sofía	Citotoxicidade do antibiótico azitromicina sobre <i>Chlorella vulgaris</i> e protalos de <i>Culcita macrocarpa</i>
Rodríguez Barba, Laura	Proyecto divulgativo: genética y evolución (domesticación) del maíz
Rodríguez López, Paula	Percepción del tiempo y memoria episódica en el hipocampo
Rodríguez Ramos, David	Estudio del aprovechamiento de los residuos del café como potencial producto fitosanitario, bioestimulante y/o fertilizante
Rodríguez Tacón, Álvaro	Ensayo en plantas y organismos fitopatógenos de complejos con potencial actividad fitosanitaria
Rodríguez Tacón, Irene	Revisión bibliográfica: inmunoterapia en tratamientos oncológicos
Rodríguez Varela, Gonzalo	Relacións filoxenéticas dos retrovirus endógenos de <i>Petromyzon marinus</i>

Roldán Rodríguez, Xabier	Trabajo de investigación: tráfico de ADN entre el genoma mitocondrial y el nuclear: estudio de las inserciones de Numts en la filogenia de los primates
Santiago Lamelas, Lucía	Revisión bibliográfica: análisis do papel dos LncRNAs no cancro
Silva Vázquez, Andrés	Características de <i>Tenebrio molitor</i> como alimento: (proyecto divulgativo)
Tobío Parada, Uxía	Elaboración del proyecto: desarrollo y estudio de modelos animales de artrosis en el pez cebra (<i>Danio rerio</i>)
Vega Fiaño, Carolina	Estudio de las propiedades de la piel del tiburón y de sus aplicaciones biomiméticas
Vila García, Alejandro	Análisis biológico de sondas mitocondriales de especies oxigenadas reactivas basadas en viológenos

TRABALLOS FIN DE GRAO – QUÍMICA

AUTOR	TÍTULO
Ayala Esmoris, Francisco Javier	A study of advanced oxidation processes for the degradation of emergent organic micropollutants
Baranga Mejuto, Michelle	Microplásticos en el medio ambiente: riesgo de contaminación metálica y perspectiva social
Boga Barbeito, Jacobo	Estudio de las propiedades fotoluminiscentes de compuestos derivados de hidrazona y de su potencial aplicación en el tratamiento del cáncer
Clerins González-Sierra, María	Producción de compuestos de alto valor añadido a partir de gases de efecto invernadero en biorreactores
Fernández Gómez, Lara	Nanocontenedores orgánicos (III): preparación de ciclofanos exo-funcionalizados mediante química covalente dinámica de hidrazonas
Fernández Gutiérrez, Adrián	Estudio de compuestos de metales nobles con potencial actividad antitumoral
Fernández Labandeira, Natalia	Receptores macrocíclicos orgánicos con respuesta a estímulos para aplicaciones biomédicas II
Ferreiro Santos, Laura	Aplicación de conjugados viológeno-péptido en química supramolecular
Freire García, Antía	Compostos de coordinación como sondas luminiscentes por

	imaxe óptica
Jove Filgueiras, Lía	Preparación de conjugados moleculares basados en el sideróforo amonabactina de la bacteria patógena <i>Aeromonas salmonicida</i>
Ojo, Adesuyi Peter	Simultaneous removal of organic matter and nitrogen in constructed wetlands: critical review
Pardo Castro, Alejandro	Síntesis de compuestos organometálicos con metales pesados
Pedreira Díaz, Mario	Evaluación de procesos de oxidación avanzada para la eliminación de contaminantes emergentes en efluentes de aguas residuales
Pena Lema, Jorge	Estudio bibliográfico sobre la codigestión de lodo de depuradora con residuos orgánicos para la producción de ácidos grasos volátiles
Porteiro Canay, Laura	Co-digestión anaerobia para la obtención de biogás a partir de residuos forestales
Prado Sánchez, Manuel	Estudio físico-químico de eliminación de cationes Zn(II) en disolución acuosa mediante el empleo de macroalgas marinas
Rey Souto, Cora	Estudio de compuestos organometálicos derivados de metales nobles con potencial actividad antitumoral
Rivera Triana, Elías	Síntesis, caracterización estructural y estudio de propiedades fotoluminiscentes de compuestos derivados de ligandos hidrazonas
Rodríguez Fornos, Lucía do Chamorro	Determinación de hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP) en musgos
Rouco Olalla, Iria	Study of composites using mussel's shells in concretes for 3D-printing
Sanluis Fariña, Christian	Seguimiento espectroscópico de la despolimerización (ruptura de enlaces) durante la deslignificación de materiales vegetales
Seijo Pensado, Sergio	Estudio del mecanismo de acción de aminoácidos conteniendo selenio como antioxidantes
Vila García, Alejandro	Sondas mitocondriales de especies oxigenadas reactivas basadas en viológenos
Vozňáková, Alena	Estudio cinético de compuestos de coordinación con posible aplicación en terapia

TRABALLOS FIN DE MESTRADO – ACUICULTURA

AUTOR	TÍTULO
Llamazares Oliveras, Diana	El cultivo industrial de rodaballo en Galicia
Roca García, Elisa	Phycosem Marine Agronomy: prácticas externas en empresa

TRABALLOS FIN DE MESTRADO – BIODIVERSIDADE

AUTOR	TÍTULO
Castaño Carballo, Álvaro	Estudo da biodiversidade vexetal en brañas e lagoas naturais e alteradas nunha zona do sur-leste de Galicia
Fernández Martínez, Eva	Estudio de las comunidades vegetales y la <i>fitness</i> del helecho amenazado <i>Culcita macrocarpa</i> C. Presl en el norte de España

TRABALLOS FIN DE MESTRADO – BIOLOXÍA MARIÑA

AUTOR	TÍTULO
Bel Rojas, Clara	Estudio de la abundancia y citotoxicidad del dinoflagelado bentónico <i>Gambierdiscus</i> sp. en las islas de Ibiza y Menorca (Islas Baleares).
Sevillano González, Marta	Estudio de la presencia de microplásticos en el erizo de mar <i>Diadema africanum</i> en la isla de Tenerife (Islas Canarias).

TRABALLOS FIN DE MESTRADO – BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA

AUTOR	TÍTULO
Alfonsín Rey, María Gloria	Análisis y caracterización de proteínas implicadas en plasticidad epitelial durante la progresión tumoral de carcinomas.
Baña Castro, Antía	Caracterización de 2 bacteriófagos líticos, vB_Kp-VAC110 y vB_Kp-VAC70, frente cepas clínicas de <i>Klebsiella pneumoniae</i> .
Barturen Gómez, Marta	Importancia del número de copias de <i>SSU72</i> en la mitosis y la integridad de la pared celular.
Carneiro Figueira, Alexander	Evaluación de la resistencia de tres líneas de pimiento de tipo Padrón frente a <i>Phytophthora capsica</i> .
López Díaz, Iñaki	Análisis del ADN repetitivo del genoma del lacértido <i>Iberolacerta monticola</i> mediante <i>Next Generation Sequencing</i> .
Mato Basalo, Rocío	El papel de p53/RelA en la senescencia celular y la inflamación.
Miranda Quintana,	Efecto de la sobre-expresión de miR-21 en el perfil

María del Pilar	inmunológico de las células madre mesenquimales.
Mouzo Prado, Silvia	Caracterización topográfica de la expresión de diferentes proteínas en la retina del pez cebra adulto (<i>Danio rerio</i>).
Núñez Carro, Carmen	Papel condroprotector de dos polifenoles del aceite de oliva virgen extra en la artrosis.
Rodríguez Fernández, Raquel	Estudio de la genotoxicidad de nanopartículas de óxidos metálicos en leucocitos extraídos a partir de muestras de saliva
Sánchez García, Pedro	Relevancia del etileno en la inducción de resistencia por PO212 frente a <i>Phytophthora capsici</i> en pimiento.
Santoscoy Hernández, Fernando	Análisis proteómico de líquido sinovial para la búsqueda de biomarcadores de severidad en la artrosis.
Vila Amoedo, Uxía	Diseño de un proyecto de investigación: estudio de la inducción de resistencia en suspensiones celulares de pimiento elicidadas con extractos de ortiga.

TRABALLOS FIN DE MESTRADO – BIOTECNOLOXÍA AVANZADA

AUTOR	TÍTULO
Álvarez Peláez, Laura	Expresión, purificación y encapsulación de la proteína FstC para la formulación de una vacuna contra la infección por <i>Aeromonas salmonicida</i> subsp. <i>salmonicida</i> en acuicultura.
Bouza Fraga, Karina	Desarrollo de un sustituto de los derivados de la leche a partir de la fermentación de frutos secos.
Cano Cano, Mónica	Estudio de la toxicidad provocada por el contaminante emergente cloruro de benzalconio sobre la microalga marina <i>Phaeodactylum tricornutum</i>
Córdoba Clavero, Elena	Optimización de las condiciones de cultivo de líneas celulares condrocíticas inmortalizadas.
Davila Piñón, Pedro	Métodos de detección de anisákidos en productos de la pesca y su utilidad dentro del sector pesquero-alimentario.
Fernández Rodríguez, Adrián	Aplicabilidade do método oficial de análise (OMA AOAC 2005.06) para a semicuantificación de biotoxinas paralizantes en moluscos bivalvos mediante HPLC/FLD con oxidación pre-columna.
González Pinto, Lucía	Análisis mediante modelos de cálculo computacional de la generación de metabolitos secundarios en el citocromo P450.

Mueses Jiménez, Sayira Paola	ARN largos no codificantes y fibrilación ventricular en pacientes con infarto agudo de miocardio.
Zamora Amengual, Marcos	Estudio de un tetraprenyltoluquinol meroditerpeno aislado del alga <i>Sargassum muticum</i> .


TRABALLOS FIN DE MESTRADO – INVESTIGACIÓN QUÍMICA E QUÍMICA INDUSTRIAL

AUTOR	TÍTULO
Aponte Caraballo, Edgar	Análisis y caracterización del monómero y polímero del cloruro de dialildimetilamonio (DADMAC) en el laboratorio de control de calidad.
Ferreiro Santos, Laura	Desarrollo y caracterización de nuevos productos en Betanzos HB.
García Vigo, Raquel	Estrategias para el estudio de los microplásticos como vectores de contaminación metálica.
Huber Valiño, Nicolás Ezequiel	Diseño, síntesis y reactividad de compuestos metálicos heterolépticos.
Montes de Oca Estrada, Iván	Nuevos ciclofanos policatiónicos como agentes de unión a cuádruplex de ADN.
Pereira Orosa, Iván	Análisis de instrumentos de laboratorio lácteo y estudios de calidad de la leche.
Román Rodríguez, Mario	Metodología y cálculo de la huella de carbono para productos agroalimentarios

As consultas aos TFG e TFM da Facultade no RUC durante o período maio 2021/marzo 2022 foron as seguintes:

- TFG de Bioloxía: 473 consultas (5,70 % máis que no ano anterior)
- TFG de Química: 238 consultas (9,5 % menos que no ano anterior)
- TFM en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética: 84 consultas (33,85 % menos que no ano anterior)
- TFM en Ciencias, Tecnoloxía e Xestión Ambiental: 70 consultas (10 % menos que no ano anterior)
- TFM en Biotecnoloxía Avanzada: 104 consultas (9,09 % máis que no ano anterior)
- TFM en Bioloxía Mariña: 72 consultas (57,14 % máis que no ano anterior)
- TFM en Neurociencia: 56 consultas (5,35% máis que no ano anterior)

- TFM en Investigación Química e Química Industrial: 50 consultas (10 % máis que no ano anterior)



6. SERVICIOS

6.1. ACCESO

Este ano, a Biblioteca volveu a permanecer aberta 245 días, como nos anos previos á pandemia co seu horario habitual de 8.30 a 21.30 h, agás nos períodos de vacacións, cun horario de apertura semanal de 65 h.

Durante este ano houbo 25.002 entradas de usuarios que visitaron presencialmente a Biblioteca.

6.2. PRÉSTAMO

Realizáronse 20.786 transaccións de préstamos a domicilio ou intercentros (entre as diferentes Bibliotecas da Universidade) incluíndo as renovacións, reservas e devolucións. Apréciase un lóxico aumento do 5.30 % con respecto ao ano anterior.

Libros más prestados en 2021	BIOLOXÍA	QUÍMICA
------------------------------	----------	---------

SIGNATURA	TÍTULO	PRÉSTAMOS
BOT-821	Curso de botánica	42
BOT-645	Claves ilustradas de la flora del País Vasco y territorios limítrofes	41
BOT-836	Guía de campo de los líquenes, musgos y hepáticas	37
X-21	Manual de mineralogía: basado en la obra de J. Dana	34
BOT-853	Guía dos liques de Galicia	33
BC-59	La Célula	28
QF-34	Química física	28
Z-560	Invertébrés d'eau douce systématique, biologie, ecologie	28
FA-183	Fisiología animal	27
M-79	Brock: biología de los microorganismos	24
QA-428	Fundamentos de química analítica	22
QI-56	Química inorgánica	22
Z-723	Macroinvertebrados de las aguas dulces de Galicia	21
BOT-751	Guía das macroalgas de Galicia	19
BOT-426	Guía de las algas del Atlántico y del Mediterráneo: un estudio de las algas de los mares de Europa	17
MAT-60	Cálculo	17
QF-152	Química física	17
QA-427	Fundamentos de química analítica	16
BOT-819	Setas de Galicia	15
QI-11	Introducción a la ciencia e ingeniería de los materiales	15
QI-261	Shriver & Atkins: química inorgánica	15
QX-244	Química general: principios y aplicaciones modernas	15


6.3. PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

A Biblioteca Central solicitounos para servir a outras Bibliotecas Universitarias:

- 9 artigos de revistas. A maioría delas enviouse en formato electrónico.
- 7 libros para enviar en préstamo a outras bibliotecas fóra da UDC.

Á Biblioteca Central chegaron 174 peticións de usuarios desta biblioteca. De todas as solicitudes 8 foron canceladas ou rexeitadas.

SOLICITUDES POR TIPO DE DOCUMENTO	
Revistas	142 (81,6 %)
Libros	12 (6,89 %)
Teses	4 (2,29 %)
Outros	16 (9,19%)



6.4. FORMACIÓN

Este ano, coa evolución da pandemia e as sucesivas fases de apertura, a formación tentou ir da man e ser de novo maioritariamente presencial. A presencialidade nas aulas, aínda que no curso 2020/21 fose alternada coa virtualidade, evolucionou ata a presencialidade total no curso 2021/22 e iso implicou que toda a formación, afortunadamente, a partires de setembro de 2021, fose presencial.

A Biblioteca participa na xornada de benvida aos novos alumnos da Facultade, na que se presenta o servizo da Biblioteca: os recursos, os servizos, a formación que ofrece, e a web. Este ano fíxose presencial nun aula e por Teams para o resto do alumnado de primeiro que estaba noutras aulas.

Seguimos a colaborar co Plan de Acción Tutorial organizando sesións formativas:

- Este ano seguimos colaborando co Plan de Acción Tutorial organizando sesións formativas: *Biblioteca+Universitaria: Sesións formativas para o alumnado de 1º*, retomando a presencialidade nas mesmas e dunha hora de duración, para o alumnado dos graos en Bioloxía, Química, Simultaneidade e Nanociencia e Nanotecnoloxía sobre introdución á Biblioteca (dando información sobre os servizos que ofrece, acceso ao catálogo, etc., e rematando cunha visita guiada á Biblioteca de media hora de duración).

Fixéronse 3 sesións formativas: para o alumnado de Bioloxía, Simultaneidade, Química e de Nanociencia e Nanotecnoloxía.

- Dúas o 9 de setembro en quenda de tarde.
- Unha o 10 de setembro en quenda de mañá.

- No tocante á formación global do estudantado a través de seminarios para a preparación dos TFG, seguimos impartindo sesións formativas. Esta actividade segue incluída no PAT para o alumnado de grao.

Desenvolvéronse 2 seminarios de 1:30 h. baixo o título *O traballo de Fin de Grao: primeiros pasos*. Os destinatarios foron os alumnos do Grao en Bioloxía, Química e Simultaneidade, cun total de 68 asistentes.

O que se realizou en febreiro foi por Teams e a sesión de setembro foi presencial.

Por outro lado, continuamos a andaina iniciada en cursos anteriores relacionada coa formación de usuarios, e que podemos realizar grazas á colaboración do profesorado que imparte dúas materias:

- Colaboramos coa materia de 2º curso de Grao en Química: Química, información e sociedade, cunha sesión formativa sobre *Fontes de información en química* dunha hora de duración.
- Colaboramos coa materia Xeografía: xeografía física (1º curso do Grao en Bioloxía), impartindo 3 sesións formativas: *Cómo localizar mapas na BUDC e na*

rede, de media hora lectiva, sobre como localizar información no catálogo, centrándonos na localización de mapas, xa que é un material co que traballarán nas prácticas desta materia, cun total de 71 asistentes.

- As dúas sesión do 24 de febreiro fixéronse por Teams
- A sesión do 21 de setembro fíxose presencial.

Por outra banda, debido á necesidade que teñen os alumnos de coñecer a base de datos SciFinder para a realización das prácticas da materia, organizáronse as seguintes sesión formativas sobre esta base de datos impartida por Miriam Plana (a responsable de CAS en España).

- O 14 de setembro: *Introducción á base de datos SciFinder-n*, orientado ao alumnado de 2º de Química da materia Química, Información e Sociedade, pero aberta a todo o alumnado que desexara asistir. Esta sesión fíxose por videoconferencia cunha asistencia de 55 persoas.
- O 21 de outubro, nova sesión formativa de Scifinder, para todos os usuarios da Facultade. Con esta sesión retomouse a presencialidade, coa asistencia de 28 persoas.



Formación de SciFinder-n

Tipo de presentación: PRESENCIAL

Cuándo: jueves 21 de octubre de 2021

Dónde: Salón de Actos, Facultad de Ciencias

Horario: de 12:00h a 13:00h

Es necesario registrarse: Link al [REGISTRO](#)

Contenido:

- Últimas novedades en la búsqueda por Referencia, Sustancias y Reacción
- ¿Cómo puedo preparar mi compuesto? Uso del módulo de Retrosíntesis
- Opciones interesantes de SciFinder-n
- Cómo acceder a los Webinars y a tutoriales




Se facilitará Certificado de asistencia

Formación dirigida a cualquier investigador/alumno de ciencias: Química, Biología, Medicina, Física, Ciencias de la Salud, Materiales, Farmacia...

6.5. SERVIZO AOS INVESTIGADORES

En 2021 proseguimos co servizo de apoio á investigación da BUDC, tanto a nivel de toda a Universidade, cun grupo de traballo na BUDC no que a biblioteca da Facultade de Ciencias conta con representación, como na biblioteca da Facultade.

- A actividade máis destacada deste servizo foi unha nova edición do curso **"Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto nos resultados da investigación"**, que ademais do PDI, tamén se dirixe aos alumnos de doutoramento, aínda que con cupos separados para cada un destes colectivos.



Curso semipresencial de
12 horas

Dirixido ao PDI e ao alumnado
de doutoramento da UDC

**Estratexias para incrementar a visibilidade
e o impacto dos resultados da investigación**

Inscripción do 8 ao 14 de marzo
na web do CUFIE

+ información nas
bibliotecas dos centros

 Centro Universitario de Formación
e Investigación

 Facultade de Ciencias
Universidade de Coruña

 Facultade de Ciencias
Universidade de Coruña


Este curso semipresencial desenvolveuse en dúas fases. A primeira delas é de carácter teórico, a través da plataforma Moodle e co apoio técnico do CUFIE. Ao rematar ésta, comezou unha segunda fase de carácter práctico realizada desde as bibliotecas dos centros. Este ano a parte práctica, por mor sa situación, fíxose personalizadamente a través de Teams.

O número de asistentes na Facultade de Ciencias foi de 12.

Este obradoiro buscou crear, corrixir e/ou completar no posible os rexistros persoais dos asistentes nas principais plataformas de xestión da identidade dixital (ORCID, Scopus, ResearcherID, Dialnet, Google Scholar) coa fin de asegurar unha boa identificación como investigadores, resolver dúbidas sobre as redes sociais académicas e abordar todos os aspectos relativos á visibilidade e

promoción dos resultados da investigación e ao Acceso Aberto, principalmente ao RUC. Tamén incidimos na capacidade da biblioteca no apoio aos procesos de investigación e avaliación, e para levar a cabo accións de depósito delegado no RUC.

- Dende este servizo tamén se organizou unha nova edición do curso **"Como buscar e usar a información para elaborar a tese de doutoramento"**.



Este ano, a parte práctica do curso, por mor da situación, fíxose personalizadamente a través de Teams. O número de asistentes na Facultade de Ciencias foi de 6.

Ademais destas actividades formativas, ao longo de todo o ano, o servizo permite o asesoramento continuado e personalizado sobre aspectos variados do traballo de investigación.

Podemos clasificar estas actividades na seguinte táboa:

TIPO DE ACTIVIDADE	NÚMERO
Apoio á creación/xestión de perfís de autor e firma académica	27
Apoio á xestión curricular (Sexenios/Acreditación/Proxectos)	6
Nº de publicacións analizadas pola biblioteca para un proceso de acreditación/sexenios	18
Documentos subidos ao RUC mediante arquivo delegado	145
Consultas sobre Propiedade intelectual	3
Revisións bibliográficas (TFG/TFM)	33
Búsquedas bibliográficas	17
Turnitin	3
Acordos transformativos	10

A maioría das consultas proceden do PDI pero nalgúns casos son tamén do estudiantado, en concreto a revisión de bibliografías e as dúbidas sobre a maquetación e a estrutura do TFG e do TFM.

Unha cuestión destacable no 2021 son os **Acordos Transformativos (AT)**. Os acordos transformativos forman parte dos cambios que a Ciencia Aberta implica para o desenvolvemento da investigación científica. Os AT son aqueles nos que xa non se paga por ler artigos que se publican con restricións de acceso, senón que se paga aos editores un prezo xusto polos servizos que prestan para publicar eses artigos en OA.

Ao longo do ano foron incorporándose importantes editoriais aos AT, ben con acordos a nivel nacional ou a nivel autonómico.

Nas redes sociais da biblioteca pode observarse a evolución na incorporación das editoriais a estos AT, do mesmo xeito que as consultas sobre este tema foron incrementándose por parte dos nosos usuarios.

- Os primeiros AT chegaron en marzo da man de Cambridge University Press e Oxford University Press a través do acordo coa CISUG:



- En maio, a firma do AT foi con Wiley e Elsevier:



- No mes de xuño a editorial que se incorporou aos AT foi Springer:



- E, finalmente, no mes de setembro sumouse aos AT a editorial ACS (American Chemical Society):



7. DIFUSIÓN

7.1. REDES SOCIAIS

Non debemos esquecer o importante papel das redes sociais na difusión de servizos e recursos da Biblioteca. Por iso, co fin de estar onde están os nosos usuarios e telos informados, estamos como Bibliociencias en:



Este ano as redes sociais xogaron, como no ano anterior, un importante papel na difusión dos servizos que se ofreceron de xeito telemático, das novidades que se producían na desescalada e da incorporación de novos servizos coma a apertura da Biblioteca, o préstamo previa cita, etc.

Os usuarios sempre estiveron informados a través das redes sociais, ademais da comunicación personalizada remitida dende a Biblioteca ao usuario.

Na descrición da evolución da pandemia e da desescalada quedan patentes os numerosos exemplos de divulgación da información por parte da biblioteca en redes sociais.

7.2. WEB DA BIBLIOTECA DA FACULTADE

A nosa [páxina web](#) segue sendo o escaparate dos recursos e accións que desenvolvemos na Biblioteca, e seguimos coa actualización constante da mesma.

- [Facebook](#):
 - 564 seguidores (novos en 2021: 11)
- [YouTube](#):
 - Nº de visitas: 783
 - Nº de titoriais: 11
- [Twitter](#):
 - Nº de seguidores: 535 (novos en 2021: 24)
 - Nº de tuits publicados: 116

8. ANEXO: A BIBLIOTECA DE CIE EN CIFRAS

ESPAZOS E INSTALACIÓNS	
Superficie m2	636,06
Postos de lectura	165
Total estantes (m/l)	1.526,5
Total estantes (m/l en libre acceso)	1.116,5
Total estantes (m/l en depósito)	410

COLECCIÓN	
Monografías total (volumes)	33.163
Monografías en papel ingresadas en 2021	201
– por compra	176
– por intercambio ou donativo	25
Monografías audiovisuais totais e material non librario (total)	1.589
Publicacións periódicas en papel (total títulos)	426
Publicacións abertas en papel (total)	21
Publicacións abertas en papel (compra)	3
Publicacións abertas en papel (intercambio ou donativo)	18
Publicacións pechadas en papel	405
Nº de títulos recomendados nas materias do programa formativo	2.602
Nº de títulos recomendados dispoñibles na Biblioteca asociados ao programa formativo	2.550
Nº de títulos recomendados dispoñibles na Biblioteca en formato dixital (Un título pode recomendarse en varias materias)	829
Nº de exemplares en papel dos títulos recomendados dispoñibles na Biblioteca asociados ao programa formativo	5.833
Nº de exemplares en formato electrónico dos títulos recomendados dispoñibles na Biblioteca asociados ao programa formativo	772
% de títulos recomendados dispoñibles na Biblioteca entre títulos recomendados nas materias	98

SERVIZOS	
Entradas á Biblioteca	25.002

PRÉSTAMO	
Actividades de circulación (préstamos, reservas, renovaci3ns...)	20.786
Préstamos	3.062
Devoluci3ns	2.623
Renovaci3ns	14.610
Reservas	323
PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO	
Documentos (libros) enviados pola Biblioteca para préstamo interbibliotecario	7
Documentos (artigos) enviados pola Biblioteca para préstamo interbibliotecario	9
Documentos (libros) remitidos polo servizo de PI procedentes de bibliotecas externas á UDC para consulta dos nosos usuari@s	12
Documentos (artigos) solicitados por usuari@s desta biblioteca ao servizo de préstamo interbibliotecario	142
FORMACIÓN DE USUARIOS	
Número de sesións formativas impartidas	7
Número de horas impartidas	11
Número de asistentes ás sesións formativas	516
APOIO Á INVESTIGACIÓN	
Número de consultas	262